



# Manifiesto Galego do Día Mundial do Teatro 2025

**Belén Regueira**

Xornalista

*A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) fai público o 'Manifiesto Galego do Día Mundial do Teatro', que cada ano lle encarga a unha persoa de recoñecido prestixio dentro da cultura do noso país para conmemorar o 27 de marzo. A xornalista Belén Regueira únese á longa lista de redactores/as do Manifiesto Galego do Día Mundial do Teatro, na que se inclúen sinaturas tan destacadas como son as de Vero Rilo, Aldalado, Evaristo Calvo, Imma António, María Xosé Queizán ou Méndez Ferrín.*

## **MANIFESTO:**

Que pinta o xornalismo no Día do Teatro? É sabido que a escena e o periodismo non teñen nada en común. Se acaso, comparten a condición de profesións en crise, hai quen di incluso que en extinción. Porque, quen necesita intermediarios fiables da realidade, habendo algoritmos opacos sen código deontolóxico? A quen lle cómpren historias de ficción representadas ao vivo, cando podemos pagarlles ás plataformas para que nos impidan saír da casa?

Pero nada hai máis oposto que o xornalismo e o teatro. Aínda que, ben mirado, as dúas son profesións precarizadas, con horarios ás veces incompatibles coa vida, e nas que a vocación se usa como coartada para facer apandar con malas condicións laborais. A vocación e os aplausos, que tanto prestan nos dous gremios, pero non son un complemento salarial.

Teatro e periodismo están moi lonxe, abofé. Salvo se cadra no feito de que ningún dos dous ten sentido sen o público. En que estamos obrigadas a preguntarnos por que moitas persoas

esquivan as noticias e non poucas evitan os teatros. En que non podemos resignarnos a que a xente moza prescinda de nós nin a ser pasatempo para privilexiados.

Definitivamente, o teatro e o xornalismo non se parecen en nada. Agás talvez en que os dous axudan a construír a esfera pública sen a que non é posible a democracia; en que nos seus días máis afortunados son espello da nosa vida e fiestra para entender outras vidas; en que nas súas mellores versións actúan como fiscalizadores críticos do poder; en que cando son quen de representar o mundo, permiten que o comprendamos e que matinemos sobre como melloralo.

Periodismo e teatro non poden ser máis diferentes, xaora, pero ningún dos dous pode prosperar onde non hai liberdade. A liberdade para informar de maneira veraz, a liberdade para crear sen máis límites que os da imaxinación.

Longa vida ao teatro e ao xornalismo, estes íntimos descoñecidos que poñen as persoas e as súas historias no centro do palco, que nos vacinan contra a submisión e a indiferenza, que ao reunírnos para pensar e conmovertos xuntos nos converten en cidadáns e cidadás.

**Belén Regueira**



**Asociación de Actores e Actrices de Galicia**

<https://aaag.gal/>

